

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Misterios da Armada

Neste lugar da parroquia de Monte, concello de Xove (Lugo), fábase de sucedidos moi estraños. Contan que esvarou unha muller polos penedos e que quedou o seu corpo gravado nas pedras. Fálase dun tesouro, onde chaman Rego Furado, que gardaron uns homes de fortuna. E tamén se di que alí encantou a filla un pai desalmado; menos mal que o mozo da rapaza sabía as palabras máxicas, e foi alí e dixo:

□ ¡María! ¡María! ¡María!

E desencantouna.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 40.